

galicia

Lecer Consumo

Este verán súmate ao
consumo responsable e
san!

Información e solicitudes:

**Instituto Galego do Consumo e
da Competencia**

consumo.xunta.gal
igc.escola@xunta.gal

Enderezo:

Avenida de Gonzalo Torrente Ballester, 1-5 baixo
15707 Santiago de Compostela

Teléfonos:

881 999 091 / 881 999 075

Lecer Consumo

Este verán súmate ao
consumo responsable e
san!

ACTIVIDADE:

XOGUETEANDO: UN LECER DIFERENTE!

Idade: 3 a 6 anos.

Duración: 1 hora.

Descrición: Narración dun conto animado para promover un consumo responsable e un lecer activo, alternativo e sen consumo. Traballando ademais, os xoguetes seguros e sen riscos. A continuación os nenos e nenas crean o seu propio xoguete (un pitíño, un dos animais do conto traballado previamente).

ACTIVIDADE:

A XINCANA DO CONSUMO ACTIVO E DIVERTIDO!

Idade: 7 a 12 anos.

Duración: 1 hora e 30 minutos.

Descrición: Realización dunha xincana onde os grupos teñen que superar diferentes probas, nas que se traballan cuestións relacionadas co consumo responsable (as actividades de lecer, a publicidade, a pirámide dos alimentos e o código PEGI). A continuación, cada grupo diseña unha portada dun videoxogo facendo referencia a unha actividade de lecer activo sen consumo e dende a cal se inclúa algún elemento característico da súa localidade.

LecerConsumo

LecerConsumo é un programa estacional que desenvolve a Escola Galega do Consumo nos meses de verán. A través do concepto de lecer responsable trabállanse diversas temáticas relacionadas co consumo responsable: a publicidade, a alimentación sa e equilibrada, a etiquetaxe ou as TIC.

Está dirixido a todas as idades e a oferta formativa adáptase aos distintos intereses e necesidades de cada unha delas. As actividades son de carácter lúdico e participativo, como non pode ser doutro xeito no período estival, pero a un tempo pedagóxicas e promotoras da aprendizaxe colaborativa.

A actividade é de balde. Pódense consultar as condicións de participación nos seguintes medios:

Teléfonos: 881 999 091 / 881 999 075

E-mail: igc.escola@xunta.gal

Web: consumo.xunta.gal

ACTIVIDADE: PUBLICISTAS POR UN DÍA!

Idade: 13 a 14 anos.

Duración: 1 hora e 30 minutos.

Descrición: Actividade dinámica e participativa na que os mozos e mozas se converterán en publicistas tendo que superar previamente diferentes probas. Preténdese fomentar o coñecemento da publicidade e os diferentes códigos publicitarios: a música, slogan, personaxes e cores. A sesión rematarase coa gravación do anuncio creado.

ACTIVIDADE:

O CONSUMO NA REDE!

Idade: 15 a 17 anos.

Duración: 1 hora .

Descrición: Obradoiro no que as persoas participantes analizarán o consumo na rede, reflexionando sobre a cantidade que se lle dedica e analizando as vantaxes e os principais riscos no uso de internet.

ACTIVIDADE:

NO VERÁN, COÑECE OS TEUS DEREITOS COMO CONSUMIDOR!

Idade: 18 en diante.

Duración: 1 hora e 30 min.

Descrición: Charla participativa que ten como obxectivo fomentar o coñecemento sobre as alternativas de lecer responsable, centrándonos nos dereitos das persoas consumidoras e usuarias. Ademais, profundarase nunhas recomendacións de consumo responsable no ámbito do lecer e da época estival.